

(FCG/af)

DECRETO: Ourense, 28 de marzo de 2017

De conformidade co que dispoñen os artigos 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 78, 80 e 82 do ROF, do 28 de novembro de 1986 e normas concordantes –e para os efectos do artigo 58 do citado ROF–, convócase sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial.

DÍA: venres, 31 de marzo de 2017.
HORA: 10.00 horas en primeira convocatoria*.
LUGAR: Salón de sesións do Pazo Provincial.

*Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

ORDE DO DÍA

Apartado resolutivo:

- 1.- Acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de febreiro de 2017.
- 2.- Declaración institucional de apoio ao Ateneo de Ourense.
- 3.- Declaración institucional en apoio aos concellos afectados pola agrupación das oficinas do Rexistro da Propiedade.
- 4.- Moción do BNG para demandar un sistema de concerto para financiar os servizos públicos en Galicia.
- 5.- Delegación na Deputación Provincial do exercicio das competencias do Concello de Melón en materia de xestión recadatoria.
- 6.- Modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de certificacións de natureza catastral polos servizos da Deputación Provincial de Ourense (BOP n.º 164, do 18 de xullo de 2012).
- 7.- Moción do Grupo Popular para a tramitación e aprobación dos orzamentos xerais do Estado de 2017.
- 8.- Moción do Grupo Popular para o estudo da viabilidade de implantación dunha taxa por ocupación do dominio público local ás liñas de transporte eléctrico, oleodutos, viadutos e outros.
- 9.- Moción do BNG para a posta en marcha dun Plan especial de axudas e mellora rural aos concellos.
- 10.- Aprobación do Programa provincial de cooperación cos concellos de menos de 20.000 habitantes para o cofinanciamento da subministración de licenzas dun sistema integral de xestión electrónica de procedementos administrativos (2017/2018).
- 11.- Moción do Grupo Socialista sobre centros de información á muller.
- 12.- Moción de Democracia Ourensana relativa á adopción de medidas para loitar contra as especies vexetais invasoras.
- 13.- Moción do Grupo Socialista sobre a declaración da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade.
- 14.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva da RPT 2017.

15.- Mocións de urxencia.

Apartado de control e fiscalización do goberno provincial

16.- Dación de conta das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de febreiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 3º de novembro e 2º de decembro de 2016 e 1º de xaneiro de 2017.

- Deputado delegado de Facenda: mes de febreiro de 2017 e dos seguintes adicionais: 4º de setembro e 2º de decembro de 2016 e 1º de xaneiro de 2017.

- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de febreiro de 2017.

- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de febreiro de 2017.

17.- Rogos e preguntas.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,